

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 14 de setembro de 2007**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 14 de setembro de 2007, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/07, do 28 de xullo.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.331 á nº 13.850, de 2007.](#)

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

[3.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Mujeres para financiar a execución do proxecto europeo Muller XXI dentro da iniciativa comunitaria Equal.](#)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

[4.-Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2006.](#)

[5.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello do Pino.](#)

[6.-Modificación da Base 25ª de execución do orzamento de 2007.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIÓNS](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

DON JESÚS VEIGA SABÍN
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

PP
PSOE
BNG

Non asisten a Sra. Vázquez Veras e os Sres. Nogueira Fernández e Rama Seoane.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/07, DO 28 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/07, do 28 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 10.331 Á Nº 13.850, DE 2007.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 10.331 á nº 13.850, de 2007.

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MUJERES PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DO PROXECTO EUROPEO MULLER XXI DENTRO DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL.

INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Soamente unha breve intervención para a explicación da nosa posición de voto. En primeiro lugar, dar o noso apoio, como non podía ser doutra maneira, á participación da deputación en iniciativas comunitarias, caso dos Equal, en particular neste denominado proxecto europeo Muller XXI, aprobado en Pleno desta Corporación en sesión do 29 de setembro de 2005. Tamén neste Pleno se someteu a consideración a formalización no presente exercicio dos convenios para a acción a desenvolver por importe de 24.300 euros. Evidentemente non é o momento nin o obxecto da orde do día falar da iniciativa, dos seus obxectivos, nin da agrupación de desenvolvemento formada

para a súa xestión. Non obstante, manteremos o seguimento do seu desenvolvemento e a valoración das accións comprometidas e a súa repercusión nos distintos concellos.

Pois ben, para desenvolver unha desas accións, tráese a este Pleno este convenio cunha das organizacións, agrupación de desenvolvemento e a denominada Fundación de Mujeres, unha acción que está orzada en 125.000 euros cofinanciados co 75% polo Fondo Social Europeo, o resto, un 15,8% achegado pola deputación, e o 10% restante pola Fundación de Mujeres. É dicir, corresponde por medio deste convenio a achega da deputación de 18.850 euros.

O noso voto vai ser favorábel porque é, segundo o informe técnico, a mellor opción para desenvolver a acción apoiada pola experiencia da Fundación de Mujeres. Quero supor que esta proposta está seleccionada entre tres ofertas, como é preceptivo por lei. Chócanos, porén, que se formalizase tan tarde, cando xa se comprometera en setembro de 2005 e que, polo tanto, o prazo de execución deste convenio teña vixencia ata o 30 de novembro, dentro de pouco máis de dous meses.

En resumo, o noso apoio a estas iniciativas comunitarias, tamén daremos o noso voto afirmativo a este convenio, seguiremos con detalle o desenvolvemento e os resultados deste Equal, lamentamos que non se fixese máis a tempo e esperamos que esta dilación non poida influír no desenvolvemento da actividade. Grazas, Sr. presidente.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días a todos.

O anterior equipo de goberno iniciou unha serie de programas europeos, fundamentalmente dirixidos, neste caso o Equal, á muller e á problemática que temos e que é recoñecida por todas as enquisas que figuran en distintos periódicos e en distintos traballos socioeconómicos, que é a incorporación da muller ao mundo laboral. Sabemos que as taxas de paro son elevadas e a deputación está con estes programas tratando de corrixir este desfasamento e incorporar a muller ao mundo laboral.

Dicirlles que, indubidablemente, o seguimento destas que se fixo en distintos lugares onde se levou a efecto o Equal, dános unha incorporación dos distintos cursos, dos distintos traballos teóricos-prácticos, dun 75% ao mundo do emprego, fundamentalmente en temas relacionados con atención xeriátrica.

O 29 de setembro, como ben dicía o Sr. Gacio, de 2005, aprobouse o proxecto Muller XXI, onde se incorporaron convenios con Euroeume e coa Fundación Mujeres, por que se traen nesta data?, simplemente por cuestións orzamentarias, dado que a Unión Europea non fixo a achega no seu momento e por iso é o motivo da demora.

Este proxecto de 125.000 euros está financiado con 93.750 € polo Fondo Social Europeo, -non se fixo antes porque esta achega non se recibiu-, a Deputación provincial achega 18.850 € e a Fundación Mujeres, que é a que vai facer a xestión, 12.400. Agradecemos en nome do equipo de goberno o voto favorábel do Partido Popular. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización do convenio coa Fundación Mujeres para financiar a execución do proxecto europeo Muller XXI dentro da iniciativa comunitaria Equal, cunha achega da deputación de 18.850 euros, que se financiará con cargo á aplicación 0104/322K/489.01 e que supón un coeficiente de financiamento do 15.08%”

Nº /2007

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MUJERES PARA FINANCIAR A EXECUCION DO PROXECTO EUROPEO MULLER XXI DENTRO DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL

A Coruña, de dous mil sete

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, Dna. María Luisa Soletto Ávila, na súa calidade de directora, en representación de Fundación Mujeres.

Todas as partes actúan para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Deputación Provincial da Coruña ten entre outros obxectivos:

Apoiar e colaborar cos concellos da Coruña de tal forma que se poida garantir o benestar e a igualdade de oportunidades das persoas, independentemente do lugar da provincia no que residan.

Promover o diálogo e a colaboración tanto coa Administración central como coa Autonómica, e a Unión Europea.

Garantir que o financiamento dispoñíbel na Unión Europea para posibilitar o desenvolvemento económico e social de zonas que teñen un nivel de renda inferior á media europea e española, se destinen á súa finalidade na provincia da Coruña.

Ofrecer información relevante e comprensíbel aos concellos e aos cidadáns en xeral, sobre os programas europeos e as súas liñas de financiamento.

Colaborar na preparación de proxectos técnicos demandados polos concellos e servizos provinciais que sexan susceptibles de seren financiados pola Unión Europea.

Segundo: Que ao abeiro da segunda convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo correspondentes á Iniciativa Comunitaria EQUAL en España, aprobada por resolución do 18 de marzo de 2004, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo e publicada no BOE nº 76 do 29/03/004, a deputación presentou o proxecto MULLER XXI, aprobado por decisión da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo en España do 17/11/2004.

Que, de acordo coa citada convocatoria, foi constituída unha Agrupación de Desenvolvemento (AD) denominada REDE XXI e constituída pola asociación Euroeume, Caixa Galicia, a Fundación Mujeres, a Federación Provincial de Minusválidos da Coruña, a Organización non Governamental Ecodesenvolvemento Gaia, Século XXI Consultores S.L., Unións Agrarias-UPA, Sindicato Labrego Galego e a propia Deputación da Coruña.

Terceiro: Que dentro das entidades membros da AD Muller XXI, a Fundación Mujeres é unha asociación sen ánimo de lucro especializada no campo da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, que traballou desde o ano 1994 na aplicación do Principio de Igualdade na definición e execución de proxectos cofinanciados con fondos comunitarios e realiza actuacións acordes coas fins do proxecto.

Que no desenvolvemento do proxecto, a Deputación Provincial da Coruña, realiza diversas funcións de coordinación, asesoramento, difusión das actividades e participación nos órganos de control e xestión, apoiando o financiamento do proxecto, polo seu interese en mellorar a conciliación da vida familiar e laboral no ámbito rural da provincia da Coruña.

As actuacións nas que participarán activamente os membros da AD, así como as contías económicas e tipoloxía das actuacións recóllense no proxecto adxunto no anexo 1, así como no Acordo de Constitución da Agrupación de Desenvolvemento (ACAD) adxunto no anexo 2.

Que das características do proxecto e do papel da AD REDE MULLER XXI, dedúcese o interese de aplicar o mesmo procedemento para regular a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no desenvolvemento do proxecto, xa que facilita a súa execución, seguimento e control. En consecuencia, ambos os dous organismos conveñen establecer o presente acordo de colaboración, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Mujeres para o desenvolvemento de accións relativas ao proxecto Equal MullerXXI.

SEGUNDA.- As actividades nas cales Fundación Mujeres participa como entidade responsábel da súa execución axustaranse aos programas e á duración establecidas no proxecto aprobado e no Acordo de Constitución da Agrupación de Desenvolvemento e concréntanse nas seguintes accións:

Acción 2.1. Comisións locais de participación. Participación na creación destas comisións cuxa finalidade é promover a participación de axentes do territorio a favor da conciliación e a igualdade.

Acción 2.2. Formación de reforzo para mediadores/as locais de conciliación. Capacitación técnica da figura profesional da persoa experta en mediación local de conciliación.

Acción 2.3. Formación en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do persoal da AD. Capacitación das entidades da AD para incorporar a perspectiva de xénero na formulación, implementación, seguimento e avaliación das accións do proxecto.

Acción 3.3. Itinerarios integrados de inserción. Participación na implantación de itinerarios personalizados integrados de inserción laboral.

Acción 4.3. Liñas de apoio para fomentar as medidas de conciliación (método GEMS). Deseño e asistencia ao desenvolvemento de proxectos de conciliación a medida para empresas do territorio mediante a adaptación e aplicación do método Gems.

Acción 5.2. Seminario ‘A conciliación na provincia’. Participación na realización deste seminario cuxa finalidade é sensibilizar e informar ao tecido empresarial convidándoas a participar nos proxectos de conciliación.

Acción 7.1. Avaliación. Desenvolvemento da auditoría de xénero no marco do seguimento e avaliación do proxecto.

TERCEIRA.- Para o seguimento xeral e os temas que requiran propostas de modificación do proxecto aprobado, crearase unha Comisión de Seguimento, formada pola persoa designada representante da Deputación na AD e a persoa designada en representación de Fundación Mujeres , así como o responsábel de xestión do proxecto desta entidade.

As reunións desta Comisión celebraranse a solicitude dalgunha das partes ou previo ás solicitudes de pagamento, coa finalidade de realizar a correspondente certificación.

CUARTA.- A Fundación Mujeres destinará a realizar este proxecto, de entre o seu persoal, aquel que sexa necesario para a correcta realización das accións programadas, contratando aquel do que non dispoña, sen que en ningún momento signifique relación laboral ou doutro tipo coa Deputación Provincial da Coruña.

A Fundación Mujeres ou outras entidades coas que se contrate, están obrigadas ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, da Seguridade Social, de Seguridade e Hixiene no traballo e cantas outras disposicións en vigor lle sexan de aplicación. De conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación realizarase conforme a

critérios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa

QUINTA.- Se no desenvolvemento do programa aparecen circunstancias que aconsellasen modificar os detalles e condicións establecidas neste convenio en relación coa participación no proxecto “MULLER XXI” , esta poderá ser aprobada polo presidente da Deputación da Coruña despois de solicitude e xustificación da proposta, sempre que a dita modificación non supoña incremento do importe total do convenio nin variación substancial do obxecto do proxecto aprobado pola UAFSE.

SEXTA.- En todas as actividades de carácter público e en todo o material que se utilice tanto para a divulgación do proxecto como para a súa execución, figurará o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña coa súa imaxe corporativa, se proceder, ao lado dos símbolos e imaxe existentes do proxecto “MULLER XXI” .

Xunto con ela utilizarase en todo o material a imaxe do Fondo Social Europeo de acordo coas normas en vigor, e a referencia á Iniciativa Comunitaria **EQUAL** .

A Fundación Mujeres poderá utilizar libremente para as súas fins propias os produtos que se obteñan como consecuencia deste proxecto, para o que lles será facilitada unha copia no formato que se indique polos servizos técnicos da deputación.

SÉTIMA.- O orzamento do proxecto “MULLER XXI” é de 1.296.000€, dos que 972.000€ (75% do total) son subministrados polo Fondo Social Europeo.

Tendo en conta o principio de capacitación dos proxectos Equal, a Fundación Mujeres executará actividades por un total de 125.000€, dos cales o 75%, 93.750€. financiará o Fondo Social Europeo. Da cantidade total de cofinanciamento, 31.250€, a Fundación Mujeres achegará a cantidade de 12.400€ (9,92%) e a deputación achegará a cantidade de 18.850€ (15,08%) segundo se indica deseguido:

DESCRIPCIÓN	Custo	FSE (75%)	D.Provincial A Coruña (15,08%)	F. Mujeres (9,92%)
Creación de Comisións Locais de Conciliación.	6.000,00 €	4.500	904,8	595,2
Formación de reforzo para Mediadores Locais de Conciliación.	3.000,00 €	2.250	452,4	297,6
Formación en I.O do persoal da AD.	25.000,00 €	18.750	3.770	2.480
Itinerarios integrados de inserción laboral.	11.000,00 €	8.250	1.658,8	1.091,2
Liñas de apoio para fomentar as medidas de conciliación (método GEMS)	66.000,00 €	49.500	9.952,8	6.547,2
Seminario: "A conciliación na provincia"	6.000,00 €	4.500	904,8	595,2

Avaliación.	8.000,00 €	6.000	1.206,4	793,6
TOTAL	125.000,00 €	93.750	18.850	12.400

Que o dito importe repercutirá unicamente en actividades que desenvolva a Fundación Mulleres dentro do ámbito de actuación do proxecto Equal Muller XXI

Para os efectos do aboamento da dita cantidade, a Fundación Mujeres xustificará a realización de actividades e gastos pagos conforme ao establecido na Guía de Xestión de proxectos da Iniciativa Comunitaria Equal. Para o pagamento, a entidade beneficiaria achegará a seguinte documentación:

- Descrición de actividades realizadas
- Relación de gastos pagos coa porcentaxe de imputación asignado ao proxecto.
- Relación de documentos xustificativos coas súas correspondentes ordes de transferencia bancaria.

Así mesmo, achegarán a documentación acreditativa de estar ao día das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Da conta xustificativa presentada pola Fundación Mujeres, a deputación pagará o 15.08% do seu importe, ata o total indicado de 18.850 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0104.322K/489.01, despois dos informes favorábeis previos dos Servizos de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, Patrimonio e Contratación e a Intervención Xeral da Deputación Provincial da Coruña.

A Fundación Mujeres deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa deputación, situación que determinará, de oficio, a propia deputación a través do Servizo Provincial de Recadación.

Deberá presentar a declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade (de conformidade co disposto no artigo 14.d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que non se xustificasen a totalidade dos gastos, minorarase a achega da deputación, aboándose o 15,08% da cantidade realmente xustificada.

OITAVA: A entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento anticipado da achega da deputación presentando garantía suficiente. A garantía constituída cancelarase unha vez xustificada a cantidade anticipada nos termos establecidos no presente convenio.

NOVENA.- Calquera incumprimento das normas, a entrega de documentación fraudulenta ou o desvío do obxecto do gasto para fins distintas das estipuladas no convenio, terán carácter liberatorio para a Deputación Provincial da Coruña verbo dos compromisos contraídos cos demais socios da AD “Rede MullerXXI” e dará lugar á rescisión automática do presente convenio.

DÉCIMA .- O convenio poderá ser denunciado polas partes, cun aviso previo de tres meses de anticipación. Neste caso, finalizaranse as actividades que estean realizándose, polo que non poderá iniciarse ningunha desde a notificación do aviso previo. Neste caso aboarase a parte proporcional das actuacións realizadas ata a data de aviso.

Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto no R.D.lexislativo 2/2000 do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e a normativa española aplicábel, principalmente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio ten natureza administrativa, así, en caso de controversia sobre a interpretación e execución das súas cláusulas, estas resolveraa unha Comisión formada por un representante de cada unha das partes asinantes e unha terceira persoa designada de común acordo por ambas as dúas partes. No suposto de diverxencias na súa interpretación e execución, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

DÉCIMO SEGUNDA.- A duración do presente convenio alcanza ata o trinta de novembro de dous mil sete, sen posibilidade de prórroga, e manterase en vigor en tanto non se finalicen as accións iniciadas antes do remate da data final.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte á súa sinatura.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.-

4.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO 2006.

INTERVENCIONES

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, imos debater a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2006, esta preséntase en tempo e forma de acordo coa normativa da lexislación en vigor, fóselle entregada aos grupos políticos no mes de maio do corrente ano, por suposto, foi sentenciada na Comisión de Economía e Facenda por primeira vez o 30 de maio para a súa exposición pública durante 15 máis 8 días e neles non houbo ningunha reclamación, nin ningún reparo por parte de ninguén.

De todas as formas estimouse por parte do equipo de goberno facer un novo ditame na Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas o día 10 dos correntes, o día da súa constitución, dado que moitos deputados non coñecían os contidos da Conta Xeral, foi explicada nesta polo presidente, pola miña persoa, e sentenciouse tamén favorablemente e agora estamos neste Pleno para ver se se estima ou non se estima, para a remitirla ao Consello de Contas antes do 1 de outubro, que é o preceptivo e o que marca a lexislación en vigor.

A Conta Xeral non é só unha rendición numérica, senón unha análise pormenorizada da institución provincial en todos os aspectos. A nivel económico podemos dicir que representa o peche do exercicio económico do ano 2006, este exercicio económico que comeza coa aprobación do orzamento inicial, do orzamento preventivo, alá polo mes de novembro do ano 2005, que recibe unha serie de modificacións, distintas modificacións de crédito ás que me referirei entón ao longo da miña intervención, e a continuación prodúcese a súa liquidación co superávit que houbo e cos destinos das economías do superávit a distintos servizos, investimentos, traballos, transferencias aos concellos, etc., ao longo tamén do mesmo exercicio.

Teño que dicir que consta cos documentos e informes preceptivos, con todos os documentos que marca o Texto refundido da lei de facendas locais, e desde o punto de vista socioeconómico conta con datos que, indubidablemente, é necesario, sen cansar ás Sras. e Sres. deputados vou facer unha pequena relación de datos e sen me estender moito.

Dicir que o cadro de persoal, por exemplo, da deputación no ano 2006 foi de 813 traballadores, 670 funcionarios e 143 persoal laboral. Participamos en 55 entidades e organismos, participamos neles de distintas formas, e en 15 padroados e fundacións. Estas entidades, estes padroados, estas fundacións, moitas delas son as que levan esas subvencións específicas, concretas, nominativas, que acostuman aparecer na Base 48 de execución dos orzamentos, quere dicir que a deputación non está aí de adorno, senón que está a colaborar económica e doutras formas moitas veces técnicas, con informes técnicos que se nos piden, non en todas tampouco, pero si en gran parte delas.

Datos importantes desta Conta Xeral que quero destacar, o nivel de endebedamento, o Orzamento do ano 2006 cumpre estritamente a Lei de estabilidade orzamentaria, este é un marco que este equipo de goberno leva facendo desde que se aprobou o primeiro orzamento inicial. Prodúcese unha amortización de algo máis de 9.420.000 euros, sendo a débeda acumulada inferior ao exercicio 2005 en 568.620 euros. Quero destacar a dedución progresiva da débeda desde o ano 2004, desde que entrou a gobernar o equipo de goberno que hoxe ten responsabilidades nesta institución.

Como foi o orzamento inicial?, o orzamento que chamamos preventivo, dado que os orzamentos, como saben as Sras. e Sres. deputados, non son algo cerrado, non

son algo estático, senón que son algo dinámico, algo que sofre unha serie de cambios. Pois ese orzamento inicial foi algo máis, ou preto de 167 millóns de euros, e sufriu un total de 27 expedientes de modificación de créditos, dous de aprobación plenaria e 25 efectuados directamente pola Presidencia ao abeiro das Bases de execución do orzamento. En total as modificacións cuantitativas foron tamén moi preto de 166 millóns, o que supón un orzamento definitivo, consolidado, do ano 2006, de 332.554.129,42 euros, case o dobre que o orzamento inicial.

É o orzamento máis elevado deste organismo provincial na súa historia, representando os créditos retidos un 93,17 do total, quere dicir unha cifra que consideramos, que estimamos boa, aínda que indubidablemente mellorábel.

A execución dos distintos programas está a disposición de todos vostedes, non quero aquí cansalos con todas as cifras, cremos que é boa, aínda que todo, como dicía antes, é susceptible de mellora, e todos os grupos, tanto os que temos os labores de goberno, como o Grupo Popular que neste caso está na oposición, debemos de seguir traballando, día a día a fondo porque os servizos, os investimentos, as transferencias, a asistencia técnica, xurídica e económica aos concellos, sexa puntual, sexa eficaz, sexa solidaria e sexa cooperativa.

Teño que dicir que algúns programas, e así o expliquei tamén na Comisión Informativa, sofren algunha demora, e se sofren demora é porque moitas veces a xestión imputábel a esta deputación, ou non imputábel a esta deputación, dado que temos delegado co máximo respecto, un respecto escrupuloso á autonomía municipal nos distintos concellos, traballos, obras, etc., moitas veces é necesario unha serie de informes, de elementos que teñen que acompañar nos expedientes ás obras e que non somos capaces nos concellos, ou aquí mesmo na deputación, de alcanzar no tempo que pensamos adecuado, refírome a informes sectoriais de augas, informes sectoriais de patrimonio, etc. Por lles pór un exemplo e referíndonos fundamentalmente ao programa estrela desta deputación, o Plan de Cooperación ás Obras e Servizos, o POS, que significou 34,8 millóns de euros, están comprometidos o 95,91%, non neste momento están pagos, dado que faltan distintas certificacións dos concellos por chegar.

E xa a nivel global, dicir que os gastos comprometidos globalmente representan o 74,8%, case dous puntos máis que no exercicio anterior, e os gastos autorizados o 84,79%, un 6,2% máis que no exercicio 2005. Estas cifras reflicten que a xestión é boa pero que a xestión, como dicía, é mellorábel, e niso temos que tratar.

Tamén é importante destacar que no exercicio 2006 leváronse a efecto de xestión un total de 2.430 proxectos de obras, investimentos, actuacións, que podemos cualificar en catro grupos. Nun primeiro grupo os proxectos de obras, que é evidentemente a contía máxima, 2.400 en obras novas, reformas, rehabilitacións, equipamentos, etc.; 3 en proxectos de formación, 13 en proxectos da Unión Europea, un deles un proxecto Equal, varios proxectos Leader en colaboración cos Grupos de

Acción Local. E, por último, outros 23 proxectos que os cualificamos como varios, e que son de temas sociais, de temas de medio natural, de fomento, etc.

Xa vou finalizando, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, xa para concluír quero destacar que este equipo de goberno considera que a xestión é mellorábel, aínda que os parámetros que rematamos de expor de forma moi sintética son aceptábeis. Multiplícase por dous un orzamento inicial, mercé á boa xestión no capítulo de ingresos e, como podemos ver, a xestión de ingresos representa unha porcentaxe moi elevada en relación ao exercicio 2005. Tratouse de chegar a todos os concellos da provincia sen distinción de cor política, de forma obxectiva, solidaria e cooperativa.

E dicirlles que todos os días, este equipo de goberno e tamén espero que a oposición, estamos a traballar a fondo para seguir mellorando eses servizos de atención aos nosos cidadáns, cada un facendo o seu labor, o equipo de goberno xestionando e gobernando, a oposición facendo a súa crítica construtiva, cando así o estime, ou presentando as propostas que considere necesarias, todos formamos parte do proxectos, todos formamos parte da deputación, que é o concello dos concellos. Espero e agradecería o voto positivo dos membros do Grupo Popular. Moitas grazas.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, presidente, Sras. e Sres. deputados. O Grupo Popular vaise abster neste punto número 4 porque non participou dos orzamentos do exercicio 2006, e por ética, vaise abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a Conta xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ao exercicio económico de 2006, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presentasen reparos ou observacións á devandita.

2º.- Renderlle ao Consello de Contas a antedita conta unha vez aprobada definitivamente.”

5.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DO PINO.

INTERVENCIONS

Sr. Gacio

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, nós imos votar favorablemente neste punto número 5 e, unha e outra vez, insistiremos na mellora do Servizo de Asistencia a Municipios que ten esta deputación, e tan necesario para os concellos da provincia da Coruña. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, e cumprindo a condición de maioría absoluta requirida, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello do Pino en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme o ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

6.-MODIFICACIÓN DA BASE 25ª DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2007.

INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o Grupo Popular vai votar afirmativamente neste punto número seis porque entende que para o funcionamento da deputación esíxese unha maior axilidade e eficacia en todas as cousas que esta deputación ten, sobre todo nos centros escolares, nos centros educativos, nos centros de lecer que ten a deputación, e cremos que esta modificación é importante. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificar os puntos 1 e 2 da Base 25ª, das de execución do orzamento do exercicio 2007 nos seguintes termos:

1.- Ámbito

O réxime de anticipos de caixa fixa aplicarase nos seguintes centros, establecementos provinciais ou servizos provinciais:

- Colexio Calvo Sotelo.
- I.E.S. Puga Ramón.
- Imprenta Provincial.
- Parque Móbil.
- Servizo de Recadación.
- Fogar Infantil Emilio Romay.
- Fogar Infantil de Ferrol.
- Administración Biblioteca e Arquivo Provincial.
- Patrimonio e Contratación.
- Conservatorio Profesional de Danza.
- Centro Cultural Pazo de Mariñán.
- Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.
- Tesourería. Protocolo e gastos de representación.

Os anticipos de caixa fixa destinaranse a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariábel, provisión de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustíbel, material funxíbel, servizos de mantemento de edificios, instalacións, etc., e calquera outro de similar natureza que sexan imputábeis ao capítulo II do Orzamento Xeral de Gastos.

Así mesmo, poderá xestionar, o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, a través de anticipos de caixa fixa os gastos relativos a axudas de custe por transporte, aloxamento e manutención, así como os gastos de inscrición en actividades de formación do persoal funcionario, laboral, eventual e deputados provinciais.

A proposta dos responsábeis dos centros ou servizos provinciais, logo dos informes da Intervención e da Tesouraría provincial, e a través de resolución da Presidencia, poderán modificarse os Centros ou Servizos Provinciais aos que se faga extensivo o réxime de anticipos de caixa fixa disposto na presente base, respectando o seu contido no que se refire á contía, situación dos fondos, control, xustificación e contabilidade.

2.- Contía

Os anticipos de caixa fixa, en función dos gastos que se han de satisfacer con cargo a este, verbo do capítulo 2º, poderán alcanzar unha contía equivalente ao 25% do importe dos créditos definitivos do dito capítulo, xestionados directamente polos

responsábeis do anticipo concedido. En consecuencia non se terán en conta á hora de cuantificar estes anticipos de caixa fixa aqueles gastos xestionados directamente polo Servizos Centrais da Deputación: Contratación, Arquitectura, Enxeñaría, etc.

Cando concorran circunstancias excepcionais que supoñan dificultades de liquidez en determinados períodos do exercicio poderase ampliar a porcentaxe que determina o importe do anticipo ata o 40% do importe dos créditos definitivos do capítulo 2º xestionados directamente polos responsábeis do anticipo concedido, mediante resolución da Presidencia, previa proposta do centro, establecemento ou servizo provincial, e co informe favorábel da Intervención.

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o acordo considerábase aprobado definitivamente. No caso de que se presentasen reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. presidente

Hai unha moción presentada polo Grupo Popular. A tramitación das mocións saben vostedes como se fai, darémoslle a palabra ao portavoz do Grupo Popular para que expoña a urxencia da súa aprobación, someteremos a votación a urxencia e, en función dos votos, debaterase ou non se debaterá esta moción.

Quen vai defender a moción? O deputado, Sr. Rey ten a palabra.

Sr. Rey Varela

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. O Grupo do Partido Popular considera importante tratar así, por ese motivo presentou esta moción por escrito antes de que se formulase a orde do día, tratar este asunto neste Pleno ordinario da deputación, sobre todo tendo en conta que este asunto se tratou no Pleno do concello afectado o 6 de setembro.

Hai poucos meses tínhamos coñecemento de que estaba en venda un edificio moi singular na bisbarra de Ferrolterra, coñecido como a Casa da Maleta, polo seu orixinal

deseño en planta, polas súas terrazas e pola súa cúpula coroada pola estatua dun emigrante coa súa maleta nela.

Por suposto, nós consideramos que é un símbolo moi importante do fenómeno da emigración en Galicia, polo tanto, podería servir nun futuro como unha homenaxe viva á emigración. Como dicía ao principio da miña intervención, o pasado xoves, 6 de setembro, o Pleno do Concello de Fene aprobou en sesión ordinaria, e sen ningún voto en contra, iniciar os trámites para se facer coa propiedade deste singular inmóbel, facultando ao seu alcalde-presidente para facer as xestións necesarias para a adquisición desta casa, así como conseguir o apoio doutras administracións públicas.

Como dicía, para o Partido Popular resulta fundamental a adquisición deste inmóbel, como para todos os grupos políticos do Concello de Fene, e por iso nós consideramos que se podería tratar esa moción neste Pleno e así instar ao goberno da Deputación Provincial da Coruña simplemente a que inicie conversacións co Concello de Fene para colaborar con esa administración como debe de facer a Deputación da Coruña para conseguir que a bisbarra de Ferrolterra converta a Casa da Maleta nun edificio para a emigración. Nada máis e moitas grazas, Sr. presidente, solicitar das Sras. e Sres. deputados o voto favorábel á urxencia desta moción. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, a moción que presenta o Grupo Provincial do Partido Popular referida á Casa da Maleta do Concello de Fene entendemos que é precipitada. É precipitada porque, indubidablemente, aínda que as finalidades sexan boas, creo que a moción que se aproba no propio Concello de Fene é facultar ao seu alcalde-presidente para que inicie os distintos contactos.

Nós somos respectuosos, e entendo que o Grupo Popular tamén, pola autonomía municipal, e niso temos que ser escrupulosamente respectuosos, e entón, o que si nos parece que non é urxente, que debe de ser o propio concello o que se dirixa á institución provincial, e non debemos de marcar a finalidade como se marca no acordo da moción, porque xa se fala de converter isto nun Museo da Emigración, pode ser iso ou pode ser outra finalidade distinta. Carece dun proxecto, non temos unha memoria xustificativa para valorar, e polo tanto, en prol de respecto a esa autonomía municipal, e esperando que o alcalde-presidente, como así o aprobaron por unanimidade, segundo indicou o representante do Grupo Popular, esperamos que o alcalde se poña en contacto co presidente da deputación, e consideramos, polo tanto, que isto non é de momento urxente. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Moi bos días a todas e a todos. O BNG considera que, efectivamente, esta moción non é urxente por dúas cuestións basicamente, e independentemente do obxectivo que se lle quere dar, e do destino que se lle quere dar a este edificio. Sen

entrar a tratar iso con detalle, consideramos que, efectivamente, non é urxente, primeiro porque no Pleno do Concello de Fene se aprobou unha moción o 6 de setembro, é dicir, hai menos de 10 días, onde se faculta á Alcaldía para que inicie a correspondente tramitación. Porén, insisto, apenas 10 días despois, o Grupo Popular desta deputación xa presenta esta moción, que agora estamos a tratar a súa urxencia, para que sexa a propia deputación a que inicie conversacións co Concello de Fene. Ben, eu penso que a moción que se votou favorablemente no Concello de Fene, os acordos desa moción, estanse a contradicir co propio acordo que vostedes veñen a propor hoxe aquí a este Pleno.

Polo tanto, por ese motivo, e en todo caso, porque efectivamente, tamén no propio acordo do Concello de Fene non se concreta exactamente cal vai ser o destino dese edificio e, evidentemente, iso pensamos que haberá que tratalo máis detalladamente, pensamos que, efectivamente, esta moción pode ir pola vía ordinaria sen ter que tratala de forma urxente.

Sr. Rey Varela

Parece que non vai poder ser debatida a urxencia desta moción porque os grupos que sosteñen o goberno, o Partido Socialista e o BNG non consideran urxente este asunto, eu, da miña exposición inicial, xa indicaba que o edificio está en venda, se o edificio está en venda pódese obviamente vender en calquera momento e este edificio que é moi singular na bisbarra de Ferrolterra, penso que merecía a atención doutras administracións, así como se actúa cando un edificio destas características, ou un ben patrimonial destas características pódese perder do patrimonio público, ou do uso público, que é o que todos queremos, ou o que todos querían no Concello de Fene para a Casa da Maleta.

En relación ao que se me di da autonomía local, penso que é totalmente compatíbel coa autonomía local, de feito hai unha manifestación favorábel por parte do Concello de Fene para que colaboren outras administracións, penso que o que non é respectar a autonomía local é nin sequera entrar a debater o fondo deste asunto por parte desta Corporación que ben podería colaborar con este concello.

O que manifesta a portavoz do BNG de que non coincide a posición desta moción co acordo definitivo do Concello de Fene, posiblemente non coincida escrupulosamente co acordado no Concello de Fene, eu penso que o espírito da moción si que coincide con que non debemos deixar escapar este edificio que neste momento está en venda, e xa que logo, xa digo, urxente é por ese motivo. Pero eu teño que dicirle á portavoz do BNG que non coincidirá o espírito da moción, pero que por suposto si coincide o espírito do que o noso grupo vota no Concello de Fene co que formula nesta deputación. Eu penso que iso tamén é moi importante, porque por suposto o que se lle poderá dicir ao Partido Popular son outras cousas, pero non que vota nun concello dunha maneira e despois na deputación doutra maneira diferente

como se está a ver, desgraciadamente, aquí. Eu penso que iso forma parte da credibilidade dos partidos e da credibilidade das institucións.

Sra. Pérez Fernández

Unha pequena matización. Nós non dixemos que o Grupo Popular votase nun sitio nun sentido e noutro foro noutro sentido. Non, nós dixemos que o acordado polo Concello de Fene e o que se propón aquí non é exactamente igual. En todo caso, o Grupo Provincial do BNG ten outra razón, á que non aludimos na primeira intervención, pero que á vista tamén da intervención do portavoz do Partido Popular, queremos pór enriba da mesa, ten outra razón pola que non considera urxente tratar esta moción.

O grupo de goberno do Concello de Fene no ano 2004 fixo, no ano 2004, insisto, fixo unha proposta ao Pleno do Concello de Fene no mesmo sentido, ou moi parecido, do que hoxe se trae aquí. Exactamente o acordo dicía, “Facultar á Alcaldía para que inicie as correspondentes xestións coa Universidade da Coruña, a Xunta, Deputación e o Colexio de Arquitectos de Galicia, con obxecto de subscribir un convenio que permita a adquisición por estas institucións da Casa da Maleta, para a converter nun Centro de Estudos de Arquitectura Indiana”.

Volvo insistir, esta proposta fíxoa o equipo de goberno no ano 2004 no Concello de Fene, e o Partido Popular naquel momento votou en contra. Consideramos que se desde entón non tivo urxencia, agora mesmo tampouco a ten.

Sr. presidente

A min se me permiten para finalizar, non é razoábel mercar un edificio sen saber o que custa, e sen saber o que imos facer. Cando se quere facer un Museo e un proxecto museístico sábese o que custa, os gastos de mantemento, hai unha decisión e pódese colaborar, pero se un señor ten interese en vender un edificio, que o venda, o que non podemos é mercar un edificio, para que?

A continuación vótase a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

Nós temos, o Grupo Popular ten dúas preguntas, unha é, a primeira, sobre a situación xurídica das obras de ampliación da estrada EP 3614, estrada de Longras en Narón.

O pasado luns, o grupo municipal do Partido Popular de Narón denunciou publicamente que as obras de ampliación da estrada EP 3614, coñecida como a estrada de Longras, que vai executar a Deputación provincial, incumpre o Plan xeral de urbanismo do Concello de Narón. Segundo parece, as obras de construción, nas que a deputación ten previsto investir 494.000 euros, supón un cambio no trazado da vía en determinados puntos, cambios que non veñen recollidos no Plan xeral de Narón. En declaración aos medios escoitamos ao concelleiro de Urbanismo do Concello de Narón que achacou este problema á Administración provincial, a quen acusou de non ter facilitado información sobre a marcha deste proxecto. Hai uns días a deputación anunciou que as obras de ampliación desta vía ían comezar a inicios desta semana, pero a realidade é que as obras aínda non comezaron.

Desde o grupo do Partido Popular parécenos bastante grave que unha administración pública acometa obras vulnerando o Plan xeral de ordenación urbana. Por iso, desde o Grupo Provincial do Partido Popular queremos saber que ten previsto facer o departamento provincial de Obras da deputación para resolver a citada irregularidade, se ten previsto iniciar as obras antes de tramitar o correspondente modificado do plan, se a modificación desta vía supón prexuízos ou afeccións a terceiros, neste caso queremos saber se se iniciaron os trámites para compensar aos propietarios que se poidan ver afectados polo proxecto en cuestión.

Sr. presidente

Sr. Gacio, rógolle que faga a pregunta por escrito e responderémolle por escrito, porque pregunta temas moi concretos, e eu persoalmente non teño a información para lle responder agora. O que si lle podo dicir é que hai un proxecto que incumpre o Plan xeral, hai que modificar o Plan xeral de ordenación urbana para poder facelo, ese proxecto se supón expropiacións hai que pagalas, hai que facer un proxecto de expropiación e, por suposto, todos os proxectos que se aproban sométense a información pública, e este tamén foi sometido a información pública, non sei se houbo obrigas de particulares ou do propio concello neste momento, pero rógolle que faga a pregunta, que a presente por escrito, e contestarémolla por escrito.

Tiña outra pregunta máis.

Sr. Gacio Vázquez

A outra pregunta é que o Grupo Popular a verdade é que está sorprendido do que sae en prensa, unhas declaracións dun anuncio de subvencións para obras nun municipio que fai o Sr. vicepresidente.

A verdade é que nós consultamos este tipo de subvencións e dísenos que non están fiscalizadas, que non hai resolución da Presidencia, e non obstante fan unha rolda de prensa para as anunciar. Para o Grupo Popular parécenos unha falta de respecto, en primeiro lugar aos funcionarios, aos técnicos municipais, unha falta de respecto ao alcalde de Narón, unha falta de respecto ao presidente da deputación que é o que resolve, o que fai a resolución final, e é nese momento cando se poden anunciar ou cando se poden facer públicas. A verdade é que a falta de rigor e transparencia sorpréndenos, Sr. presidente, e a verdade é que eu creo que aquí o seu vicepresidente confunde goberno compartido, falta de respecto institucional e, sobre todo, o que queremos o Partido Popular é que o presidente adopte as medidas para que a legalidade e a transparencia informativa sexan de verdade respectadas por esta institución.

A verdade é que eu creo que é un erro quizais do novo vicepresidente, de novato, o que se fai nesta rolda de prensa na que se anuncian a todo bombo unha serie de subvencións para todos os tipos, aínda que si se di tamén que estamos a falar arredor dos 88.000 euros, pendentes á suma das subvencións en materia de benestar social.

Eu creo que a verdade é que nós estamos totalmente sorprendidos se unha institución como a Deputación da Coruña pode ter unha información privilexiada, dala a coñecer nunha rolda de prensa, parécenos realmente grave e moi serio, Sr. presidente.

Sr. presidente

Esa é unha opinión, Sr. Gacio, non é unha pregunta. En calquera caso, as subvencións danse despois dun estudo dunha Comisión de Valoración, entón imaxino que a Comisión de Valoración está reunida, decidiu cos criterios que marcan os servizos correspondentes que actuacións eran obxecto de subvención, e pódense facer públicas, entón hai un trámite de fiscalización e comunicación oficial, pero ben, é unha opinión, non é unha pregunta.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.